

### SERVIZO DE PRESTAMO BAIXO DEMANDA NA BUSC

A BUSC ofrece desde o día 27 de maio o servizo de préstamo a domicilio, mediante o sistema de **cita previa**, exclusivamente para os **membros da comunidade universitaria da USC**. Poden solicitarse libros en **préstamo e/ou facer devolucions** dos que teña prestados o usuario.

As instrucións para obter unha cita previa poden consultarse na páxina web <https://biblioteca-usc.gal/guia/prestamo-mediante-cita-previa/>

Desde esta semana, todas as bibliotecas dos centros universitarios estarán abertas sumándose ao servizo de préstamo con cita previa para recollida e devolución de libros. En breve disporán das medidas de protección e seguridade necesarias que permitan que o persoal que estea autorizado a entrar nos centros poda realizar devolución/préstamo nesas bibliotecas (baixo previa petición). A Biblioteca Concepción Arenal abrírase para o persoal autorizado polos centros de Dereito, Relacións Laborais e Políticas igualmente con cita previa para a recollida e devolución de libros.

Os/As alumnos/as poderán solicitar préstamos e devolución de libros nos puntos de atención ao público establecidos nas bibliotecas:

- Biblioteca Xeral – Campus de Santiago (9-14h e 16-20h)
- Biblioteca Intercentros – Campus de Lugo (9-14h)

**Non está permitida en ningunha biblioteca a deambulacion polos depósitos, polas coleccións en libre acceso nin lectura en sala, atendendo aos protocolos establecidos co Servizo de Prevención de Riscos da USC.**

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2020

Vicente Pérez Muñuzuri

Vicerreitor de Investigación e Innovación